

# **XORNADAS de FORMACIÓN – ORIENTACIÓN: EOE - DO**

**2017-18 - LALÍN, PONTEVEDRA, TUI, VIGO**

**MATERIA: ORIENTACIÓN**

**FASPECTOS XERAIS E NORMATIVOS DA ORIENTACIÓN**

**PONENTE: M<sup>a</sup> Adoración de la Fuente Fernández**

## RESPOSTAS ORGANIZATIVAS E/OU CURRICULARES DO CENTRO

- MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS
- MEDIDAS ORGANIZATIVAS E CURRICULARES
- ESCOLARIZACIÓN

# **MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS**

## RESPOSTAS ORGANIZATIVAS E/OU CURRICULARES DO CENTRO

- **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE – MAD -**
  - **MEDIDAS ORDINARIAS**
- **Artigo 8. Medidas ordinarias. (D.229/2011)**
- **1. No marco deste decreto, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que  
faciliten a adecuación do currículo prescriptivo,  
sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.**

**Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en  
competencia curricular,  
motivación,  
intereses,  
relación social,  
estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe,  
e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas  
diferentes ensinanzas.**

## RESPOSTAS ORGANIZATIVAS E/OU CURRICULARES DO CENTRO

- **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE – MAD -**
  - **MEDIDAS ORDINARIAS**
  - **Artigo 8. Medidas ordinarias. (D.229/2011)**
  - 2. Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:
    - a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
    - b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
    - c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
    - d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
    - e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
    - f) Desdobramentos de grupos.
    - g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
    - h) Programas de enriquecemento curricular.
    - i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
    - j) Programas de recuperación.
    - k) Programas específicos personalizados.
    - l) Programas de habilidades sociais.

## RESPOSTAS ORGANIZATIVAS E/OU CURRICULARES DO CENTRO

- – **MAD – MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**
- **Artigo 9. Medidas extraordinarias.**
- **1. No marco deste decreto, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.**
- **Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.**
- **2. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.**

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS E/OU CURRICULARES DO CENTRO

- – **MAD – MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**
- **Artigo 9. Medidas extraordinarias.**
- **3. Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunha a ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:**
  - **a) Adaptacións curriculares.**
  - **b) Agrupamentos flexibles.**
  - **c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.**
  - **d) Flexibilización da duración do período de escolarización.**
  - **e) Programas de diversificación curricular. PMAR: Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento**
  - **f) ~~Programas de Cualificación profesional inicial.~~ FPB: Formación Profesional Básica.**
  - **g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.**
  - **h) Grupos de adquisición das linguas.**
  - **i) Grupos de adaptación da competencia curricular.**
- **4. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer cantas outras medidas de atención á diversidade considere necesarias, así como o procedemento para a súa autorización.**

***MEDIDAS*** organizativas e/ou curriculares do centro e da aula

## ***MEDIDAS:***

- a) ACS: ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA
- d) FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN.

***MEDIDAS  
organizativas e/ou curriculares  
do centro e da aula:***

- ***A.C.S.***

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

*MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:*

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**

### CONCEPTUALIZACIÓNS:

- AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA, PSICOPEDAGÓXICA, CURRICULAR.
- COMPETENCIA CURRICULAR (nivel de...)
- NECESIDADES EDUCATIVAS que presenta.
- **CURRICULO DE REFERENCIA.**
- **CURRICULO ADAPTADO.**
- PERIODO PARA O QUE SE PROPÓN
- **AVALIACIÓN – PROMOCIÓN - TITULACIÓN**

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

### *MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:*

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS)** Adaptación curricular individual (ACI):
  - Proposta curricular específica para alumnado con n.e.e.
  - Previamente deberanse ter aplicadas outras medidas menos excepcionais.
  - Afecta a elementos prescritivos do currículo.
  - Vén precedida dunha avaliación psicopedagóxica.
  - Pode afectar a unha, varias ou todas as áreas, materias ou módulos.
  - Require a intervención de servizos de apoio.
  - Autoriza a inspección educativa.
  - Duración: **ciclo ou curso con independencia do nº de cursos académicos nos que permaneza neles.**

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

*MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:*

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**

- A conveniencia de realización da ACS ven determinada pola avaliación psicopedagóxica, realizada polo D.O. coa colaboración do equipo docente.
- Toma de decisións: Xefa/e de estudos, equipo docente, profesorado apoio, orientador/a.
- Deseño e desenvolvemento: responsabilidade do equipo docente, co asesoramento do D.O. e/ou do E.O.E.
- O/A alumno/a non pode quedar exento de cursar ningunha área ou materia (agás galego e 2ª lingua estranxeira nos casos establecidos).
- Na medida do posible levarase a cabo no contexto ordinario co grupo de alumnas e alumnos de referencia.
- Será coordinada pola persoa titora.
- As familias deben ser oídas e informadas do proceso, e colaborar no seu desenvolvemento.

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

*MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:*

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**

ACS – ÁMBITO DE APLICACIÓN:

Orde de 6 de outubro de 1995 pola que se regulan a adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG do 7 de novembro)

**Artigo 2º - ÁMBITO DE APLICACIÓN**

“A presente orde será de aplicación en tódolos os centros educativos, tanto públicos como privados, da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan ensinanzas de

**EDUCACIÓN INFANTIL**

**EDUCACIÓN PRIMARIA**

**EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA”**

**CAPÍTULO II – As adaptacións do currículo na educación infantil e no ensino básico**

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

***MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:***

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**

***Currículum de referencia:***

- O referente curricular para a elaboración das ACS será :
- - **En E. INFANTIL:** O establecido no currículo – Decreto 330/2009, do 4 de xuño.
- - **En E. PRIMARIA:** O establecido no currículo – D. 105/2014 para **cada curso**
- - **En E. S. O. :** O establecido no currículo – D. 86/2015 para **cada curso**
- - **En BACHARELATO:** O establecido no currículo – D. 86/2015 para **cada curso**
- - **En FP:** O establecido no currículo – ( para **cada ciclo e módulo - )**

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

*MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:*

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**

- **Período da proposta da ACI/ACS:**

Segundo o disposto no artigo 6. d) da Orde do 6 de outubro de 1995 As ACS terán unha duración mínima dun ciclo educativo en educación infantil e primaria e dun curso en secundaria. *En E.P duración dun curso*

- As ACS revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso.
- Deberase informar periodicamente ás familias.
- En caso de desacordo estas poderán reclamar ante a dirección do centro ou a inspección.

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

**MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:**

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**
  - **Avaliación e promoción:**
    - Segundo o disposto no artigo 10 da Orde do 6 de outubro de 1995 (ACI) *A avaliación do alumno que siga unha ACI farase en función dos criterios individualizados establecidos nelas sen prexuízo de que para efectos de promoción o referente sexan sempre os obxectivos establecidos para a etapa correspondente.*
      - “A avaliación e promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións”
      - *As ACS revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso.*
      - *Deberase informar periodicamente ás familias.*
      - *En caso de desacordo estas poderán reclamar ante a dirección do centro ou a inspección.*

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

### *MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:*

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**
  - **Avaliación e promoción:**
    - - O artigo 11 desa Orde establece que *As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente polo menos unha vez ao remate de cada curso.*
    - - *As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo ou curso sobre o que se elabora a adaptación.*

### **– AVALIACIÓN ACNEAES NA E.P.**

- Artigo 7. *Avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo*
- 1. A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.
- 2. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

*ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG do 10 de xullo)*

*DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 9 de setembro) – Art. 16.5 -*

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

### *MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:*

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**
  - **Avaliación e promoción:**
    - O artigo 11 desa Orde establece que *As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente polo menos unha vez ao remate de cada curso.*
    - *As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo ou curso sobre o que se elabora a adaptación.*
  - **AVALIACIÓN ACNEAES NA E.S.O.**
- *Artigo 7. Avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo*
- A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.
- **DECRETO 86/2015**

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

**MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:**

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**
  - Avaliación, promoción **TITULACIÓN: NA E.S.O.**
- CAPÍTULO IV **avaliacións, promoción e titulación**
- Artigo 21. *Avaliacións*
- Artigo 22. *Avaliación final da educación secundaria obrigatoria*
- Artigo 23. *Promoción:*
- A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou da alumna.

**DECRETO 86/2015**

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

### **MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:**

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**
  - **Avaliación, promoción TITULACIÓN: NA E.S.O.**
- **CAPÍTULO IV avaliacións, promoción e titulación** **DECRETO 86/2015**
- **Artigo 24. Título de graduado en educación secundaria obrigatoria e certificacións:**
- ~~1. Para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria cumprirá a superación da avaliación final, así como unha cualificación final desta etapa igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final da educación secundaria obrigatoria deducirase da seguinte ponderación:~~
  - ~~a) Cun peso do 70 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en educación secundaria obrigatoria.~~
  - ~~b) Cun peso do 30 %, a nota obtida na avaliación final da educación secundaria obrigatoria. En caso de que o alumno ou a alumna superasen a avaliación polas dúas opcións de avaliación final a que se refire o artigo 22.1, para a cualificación final tomarase a máis alta das que se obteñan, tendo en conta a nota obtida en ambas as opcións.~~
  - ~~En caso de que se obteña o título de graduado en educación secundaria obrigatoria pola superación da proba para persoas maiores de dezoito anos, a cualificación final da educación secundaria obrigatoria será a obtida na devandita proba.~~

### **Resolución de 9 de xuño de 2017**

Segunda: Para a obtención do título de Graduado en secundaria requirírase: Ter avaliación positiva en todas as materias, ou negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente LGL e MATEMÁTICAS ou LCL e MATEMÁTICAS. A estes efectos:

- a) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.
- b) B) Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

**MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:**

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**
  - Avaliación, promoción TITULACIÓN: NA E.S.O.

**Resolución de 9 de xuño de 2017**

Segunda: Para a obtención do título de Graduado en secundaria requirírase: Ter avaliación positiva en todas as materias, ou negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente LGL e MATEMÁTICAS ou LCL e MATEMÁTICAS. A estes efectos:

- a) As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.
- b) B) Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno ou alumna ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

*MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:*

- **Adaptación Curricular Significativa (ACS):**

### INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Orde de 6 de outubro de 1995 (DOG de 7 de novembro)

Capítulo IV – RELACIÓN COAS FAMILIAS

Artigo 15º -

As familias dos alumnos ou alumnas que sigan unha adaptación curricular recibirán a información pertinente das decisións adoptadas sobre a mesma.

No caso de desacordo poderán reclamar perante o director ou directora do centro e, de persistir a súa desconformidade, perante o servizo de inspección correspondente que deberá resolver.

# RESPOSTAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO

## Atención ACNEAE

*MEDIDAS organizativas e/ou curriculares do centro e da aula:*

**- FLEXIBILIZACIÓNS -**

## RESPOSTAS ORGANIZATIVAS E/OU CURRICULARES DO CENTRO

**FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES:** alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

### NORMATIVA APLICABLE

- [Real Decreto 943/2003](#), de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.
- [Orde do 27 de decembro de 2002](#) pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- [Orde do 28 de outubro de 1996](#) pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.(Quedan derogados os artigos 7.2º e 7.4º pola Orde do 27 de decembro de 2002)

## RESPOSTAS ORGANIZATIVAS E/OU CURRICULARES DO CENTRO

**FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES:** alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

### PROCEDIMENTO

Desde xaneiro d 2016 – aplicación:

[www.edu.xunta.es/aneae](http://www.edu.xunta.es/aneae)

MU: MANUAL DE USUARIO

CONSULTAS:

Tfnos: 981 – 546505 – Sección educación especial

981 – 545482 – AMTEGA

E-MAIL: [xsoie@edu.xunta.es](mailto:xsoie@edu.xunta.es) -- Servicio de Ordenación, innovación e orientación educativa

## RESPOSTAS ORGANIZATIVAS E/OU CURRICULARES DO CENTRO

# **FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES** **EDUCACIÓN INFANTIL**

### **- NEE**

**Permanencia dun ano máis**

**No 1º ciclo de EI: (0-3)+1 ou** (autoriza: Xefatura Territorial)

**No 2º ciclo de EI (3-6) + 1** (autoriza Dir. Xeral de O. I. E. e FP)

### **-ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS**

**Anticipación (3-6) -1**

- Avaliación psicopedagóxica, acompañada de MAD

## **FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES**

### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

Artigo 27.-Educación infantil e ensino básico. – Orde do 27 de decembro de 2002

#### **•Educación infantil:**

poderase aumentar excepcionalmente nun ano respecto do disposto con carácter xeral. En ningún caso será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os sete de idade.

# **FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES**

## **EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **- NEE**

**Permanencia**

### **-ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS**

**Anticipación ou reducción**

- Avaliación psicopedagóxica, acompañada de MAD

(autoriza Dir. Xeral de O. I. E. e FP)

# **FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES**

## **EDUCACIÓN PRIMARIA**

Artigo 27.-Educación infantil e ensino básico. – Orde do 27 de decembro de 2002

### **Educación primaria:**

poderase aumentar excepcionalmente nun ano con respecto do disposto con carácter xeral. No caso de non ter permanecido un ano máis na educación infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso, non se poderá continuar na educación primaria máis alá do ano natural no que se cumpran os quince de idade.

# **FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES**

## **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

**- NEE**

**Permanencia**

**-ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS**

**Anticipación ou reducción**

•Avaliación psicopedagóxica, acompañada de MAD

(autoriza Dir. Xeral de O. I. E. e FP)

## FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Artigo 27.-Educación infantil e ensino básico. – Orde do 27 de decembro de 2002

- E.S.O.: poderase permanecer excepcionalmente un ano máis respecto do disposto con carácter xeral. Non obstante, esta medida non será de aplicación nun curso no que xa se permanecese un ano máis.
- Así mesmo, cando necesidades de apoio específico así o xustifiquen, poderase autorizar excepcionalmente **a fragmentación dos cursos terceiro e cuarto de educación secundaria obrigatoria**. Neste caso o alumno deberá permanecer escolarizado todo o horario e, en consecuencia, durante os períodos correspondentes ás áreas que non estea a cursar deberá prestárselle atención adaptada ás súas necesidades específicas.
- En todo caso, a permanencia no ensino básico non poderá estenderse máis alá do ano natural no que se cumpran os vinte de idade.

## **FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES**

### **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

Artigo 27.-Educación infantil e ensino básico. – Orde do 27 de decembro de 2002

- Educación secundaria obrigatoria:
- Respecto das necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación, as flexibilizacións axustarase ó disposto na Orde do 28 de outubro de 1996, agás no relativo ós prazos de presentación de solicitudes, que se corresponderán cos establecidos na presente orde.

## FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

*Artigo 17. Medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade e á organización flexible das ensinanzas – D. 86/2015-*

3. A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais en centros do- centes ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sen menoscabo do disposto no artigo 28.5 da devandita lei orgánica, segundo o cal, o alumno ou a alumna poderán repetir o mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en terceiro ou cuarto curso, prolongarase un ano o límite de idade ao que se refire o apartado 2 do artigo 4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.(18 anos) Excepcionalmente, un alumno ou unha alumna poderán repetir unha segunda vez en cuarto curso, se non repetiron nos cursos anteriores da etapa.

# **FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES**

## **BACHARELATO**

**- NEE**

**Permanencia**

**-ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS**

**Anticipación ou reducción**

•Avaliación psicopedagóxica, acompañada de MAD

(autoriza Dir. Xeral de O. I. E. e FP)

## FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES

### BACHARELATO

#### •Artigo 28.-Bacharelato e formación profesional específica.

- O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursa-lo **bacharelato fragmentando** os seus cursos por materias **ou a formación profesional específica fragmentada por módulos**.
- Nestes casos o alumno poderá permanecer escolarizado todo o horario, recibindo atención adaptada ás súas necesidades específicas durante os períodos correspondentes ás áreas ou módulos que non estea a cursar.

## FLEXIBILIZACIÓNS NA F.P.

- **FP:**
  - *Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. (DOG do 12 de xullo)*
  - *ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. (DOG do 15 de xullo)*
  - **CAPÍTULO XV**  
**ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**
  - **Artigo 61o.-Flexibilización modular de ciclos formativos.**
  - O alumnado con necesidades educativas especiais poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, **para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.** A consellería con competencias en materia de educación establecerá o procedemento para a autorización das flexibilizacións modulares

## FLEXIBILIZACIÓNS E TITULACIÓN NA F.P.

- *RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2017/18. (DOG do 17 agosto)*
- **Décimo sexto. Título de graduado en ESO para alumnado que obteña o título de formación profesional básica**
- 1. O artigo 2.5 do Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharel, de acordo co disposto no Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece que os alumnos e as alumnas que obteñan un título de formación profesional básica poderán obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria sempre que, na avaliación final do ciclo formativo, o equipo docente considere que teñan alcanzados os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiridas as competencias correspondentes.
- 2. Nestes casos, a cualificación final de educación secundaria obrigatoria será a cualificación media obtida nos módulos asociados aos bloques comúns previstos no artigo 42.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## FLEXIBILIZACIÓNS E TITULACIÓN NA F.P.

- *Real Decreto 562/2017, de 2 de junio, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. /BOE de 3 de junio)*
- O artigo 2.5 do Real decreto 562/2017, do 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención dos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharel,
- **Artículo 2. Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.**
- 2. 5. Asimismo, los alumnos y alumnas que obtengan un título de Formación Profesional Básica podrán obtener el título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria, siempre que, en la evaluación final del ciclo formativo, el equipo docente considere que han alcanzado los objetivos de la Educación Secundaria Obligatoria y adquirido las competencias correspondientes.
- En estos casos, la calificación final de Educación Secundaria Obligatoria será la calificación media obtenida en los módulos asociados a los bloques comunes previstos en el artículo 42.4 de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo.

## **FLEXIBILIZACIÓN ACNEAES**

### **IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS**

#### **Artigo 30º.-Procedemento para solicitar as flexibilizacións.**

Para acollerse ás flexibilizacións ás que se fai referencia nos artigos anteriores a dirección do centro presentará a oportuna solicitude na correspondente delegación provincial. Esta acompañarase da seguinte documentación:

**b) CONFORMIDADE EXPRESA dos pais ou titores legais do alumno, se é menor de idade, ou a súa propia senon o é**

(autoriza Dir. Xeral de O. I. E. e FP)

**Agradecementos pola súa participación e colaboración**

**M<sup>a</sup> Adoración de la Fuente Fernández**